

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

IES CAMILO JOSÉ CELA

Data de registro en Sede electrónica: 13 de diciembre de 2023

Data de aprobación en Claustro: 29 de abril de 2020

Data de actualización: 11 de diciembre de 2023

1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE.....	3
1.1. DATOS XERAIS DO CENTRO.....	3
1.2. TITULAR DA ACTIVIDADE.....	3
1.3. DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	3
2. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E MEDIO FÍSICO.....	5
2.1. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	5
2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO.....	5
2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS.....	11
2.4. DESCRICIÓN DA CONTORNA.....	11
2.4.1. SITUACIÓN DO CENTRO COA CONTORNA.....	11
2.4.2. SITUACIÓN DO CENTRO.....	11
2.5. DESCRICIÓN DOS ACCESOS.....	12
3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS.....	13
3.1. RISCOS INTERIORES.....	13
3.2. RISCOS EXTERIORES.....	14
3.2.1. RISCOS AXENTES EXTERNOS.....	14
3.2.2. PROXIMIDADE DE INSTALACIÓNS DE RISCO DE ACCIDENTE QUÍMICO.....	14
4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN.....	15
4.1. INVENTARIO.....	15
4.2. MEDIDAS EN APLICACIÓN DE DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE.....	15
5. PROGRAMA DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.....	16
5.1. MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE RISCO.....	16
5.2. MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN.....	16
5.3. INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE.....	16
6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	17
6.1. IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN.....	17
6.2. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN.....	17
6.2.1. PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN DE EMERXENCIA.....	17
6.2.2. ORGANIGRAMA DA ACTUACIÓN. COMO AVISAR EN CASO DE EVACUACIÓN.....	17
6.2.3. MODELO DE AVISO AO 112 E BOMBEIROS.....	17
6.2.4. AVISO E ALARMA E SISTEMA DE AVISO DO CENTRO.....	18
6.2.5. PLAN EVACUACIÓN DO CENTRO.....	18
6.2.5.1. NORMAS BÁSICAS A SEGUIR EN CASO DE EMERXENCIA.....	18
6.2.5.2. COMO EVACUAR O CENTRO. DESENVOLVEMENTO DA EVACUACIÓN.....	20
6.2.5.3. ORDE A SEGUIR NA EVACUACIÓN.....	20
6.2.5.4. PUNTOS DE REUNIÓN. PUNTOS DE CONCENTRACIÓN.....	21
6.2.6. ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS DO PERSOAL ANTE EMERXENCIAS.....	21
6.2.7. RESPONSABLE DE DAR A ALARMA.....	21
6.2.8. RESPONSABLE DE DESCONECTAR AS INSTALACIÓNS.....	22
6.2.9. RESPONSABLE DE ABRIR E PECHAR PORTAS EXTERIORES DO EDIFICIO E FUNCIÓNS.....	22
6.2.10. RESPONSABLE DE PERSOAS DIMINUÍDAS, NORMAS DE ACTUACIÓN E FUNCIÓNS.....	23
6.2.11. COORDINADOR XERAL. XEFE DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIA.....	23
6.2.12. EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN. RESPONSABLE DE MANTER ORDE E FUNCIÓNS.....	24
6.2.13. EQUIPO PRIMEIRA INTERVENCIÓN. COORDINADOR ZONA/PLANTA E FUNCIÓNS.....	25
6.2.14. EQUIPO PRIMEIROS AUXILIOS, MATERIAL E FUNCIÓNS.....	27
6.2.15. PROFESORADO DOCENTE/NON DOCENTE E FUNCIÓNS.....	27
6.2.16. ALUMNADO E FUNCIÓNS.....	29
6.3. RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	29
7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.....	30
7.1. PROTOCOLOS DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA.....	30
7.2. COORDINACIÓN ENTRE AS DIRECCIÓN DESTE PLAN E DE PROTECCIÓN CIVIL.....	30
7.3. COLABORACIÓN COS PLANS DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL.....	31
8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	32
8.1. IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN.....	32

8.2. PROGRAMA DE FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA NO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	32
8.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL	32
8.4. PROGRAMA DE INFORMACIÓN XERAL PARA OS USUARIOS	33
8.5. SINALIZACIÓN E NORMAS PARA A ACTUACIÓN DE VISITANTES	33
8.6. PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS	34
9. MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	35
9.1. PROGRAMA DE RECICLAXE DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN	35
9.2. PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN DE MEDIOS E RECURSOS.....	35
9.3. PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS	36
9.3.1. INSTRUCCIÓN PARA REALIZAR UN SIMULACRO.....	36
9.3.2. INSTRUCCIÓN DURANTE UN SIMULACRO DE EMERXENCIA	37
9.4. PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	38
9.5. PROGRAMA DE AUDITORÍAS E INSPECCIÓN.....	38
ANEXO I – DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN.....	40
ANEXO II – FICHA DE INCIDENTES DO CENTRO.....	42
ANEXO III – FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS	43
ANEXO IV – CONSIGNAS DE ACTUACIÓN	51
ANEXO V – RESUMO EVACUACIÓN – ALUMNADO	57
ANEXO VI – RESUMO EVACUACIÓN – PROFESORADO.....	59
ANEXO VII – PLANOS	62
ANEXO VIII – CERTIFICACIÓN	

1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

1.1 DATOS XERAIS DO CENTRO

Nome do centro: IES CAMILO JOSÉ CELA

Enderezo: RÚA DO CARME 43

Localidade: PADRÓN

Código postal: 15900

Teléfono: 881 866 240

Fax: 881 866 242

E-mail: ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.es

Uso do Centro: DOCENTE

Número de plantas sobre rasante: TRES (B+2)

Número de plantas baixo rasante: NINGUNHA

Sectores de incendio: CATRO

Niveis Educativos: ESO e BACHARELATO

Nº Total de Alumnado: 248

1.2 TITULAR DA ACTIVIDADE

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN
PROFESIONAL

Enderezo: SAN CAETANO S/N, EDIFICIO ADMINISTRATIVO

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal: 15704

Teléfono: 981 544 400

1.3 DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Director: MANUEL GONZÁLEZ ALVARELLOS

Enderezo: RÚA DO CARME 43

Localidade: PADRÓN

Código postal: 15900

Teléfono: 881 866 240

Fax: 881 866 242

E-mail: ies.camilo.jose.cela@edu.xunta.gal

– RESPONSABILIDADES DO DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O director do Plan de Autoprotección é o responsable da xestión das actuacións de prevención e control de riscos e da xestión do Plan de Autoprotección:

- Implantación do Plan de Autoprotección.
- Integración do Plan de Autoprotección noutros de ámbito superior.
- Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección.
- Inventario das medidas de protección.
- Mantemento das instalacións.
- Dirección das actuacións do Plan de Autoprotección.

2 DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE E MEDIO FÍSICO

2.1. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Trátase dun centro de uso docente.

2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO

CARACTERÍSTICAS EDIFICACIÓN

As características do centro escolar son completadas con planos, onde se aprecia a distribución das zonas, situación dos equipos de extinción e outros medios para ter en conta en caso dunha evacuación. Está formado por tres bloques de tres plantas, comunicados entre si, e un cuarto volume dunha soa altura e independente, aínda que encostado ao bloque sur, formando o lateral leste do conxunto, creándose entre todos eles un patio interior. A súa estrutura é de pórticos ortogonais de formigón armado.

SECTORIZACIÓN

O edificio está estruturado en cinco sectores, a consecuencia dos seus accesos independentes e por non estar comunicados entre si:

SECTOR UN _ PRINCIPAL

Constituído polo Centro propiamente. As zonas de aulas, departamentos, zonas comúns, despachos, cafetería, etc. (abarcando os *bloques 1, 2 e 3*).

SECTOR DOUS _ XIMNASIO

Correspondente ao volume do ximnasio e os vestiarios (*bloque 4*).

SECTOR TRES _ ESPAZO MULTIDISCIPLINAR / POLOS CREATIVOS

Situada na planta baixa do *bloque 2*.

SECTOR CATRO _ SALA DE CALDEIRAS 1.

Situada no *bloque 3*, con acceso exclusivo desde o exterior.

SECTOR CINCO _ SALA DE CALDEIRAS 2.

Situada na planta baixa do *bloque 2*.

SUPERFICIES

PLANTA BAIXA					
	Superficie		Superficie		Superficie
Salón de actos	141,05 m ²	Baños	21,75 m ²	Dep. de debuxo	7,65 m ²
Biblioteca	92,90 m ²	Baños	20,05 m ²	Ximnasio	148,05 m ²
Sala de profesores	46,80 m ²	Cafetería	61,70 m ²	Vestuario 1	21,80 m ²
Xefatura de estudos	18,00 m ²	Cociña	11,05 m ²	Vestuario 2	22,90 m ²
Dirección	18,00 m ²	Sala de caldeiras	14,25 m ²	Distribuidor	169,95 m ²
Orientación	16,30 m ²	Aula de descanso	66,20 m ²	Distribuidor	45,65 m ²
Secretaría	8,40 m ²	Vivenda conserxe	77,30 m ²	Almacén	14,60 m ²
Conserxería	8,05 m ²	Sala de caldeiras	17,65 m ²	Almacén	19,85 m ²
Oficina	20,80 m ²	Aula de debuxo	57,50 m ²	Aula lecer 1	20,30 m ²
Oficina	20,80 m ²	Aula de tecnoloxía	112,50 m ²	Aula lecer 2	20,65 m ²
Baños	28,80 m ²	Sala de máquinas	8,25 m ²	Corredor	20,90 m ²
				Subtotal útil	1.400,40 m ²
				Subtotal construída	1.541,20 m ²

PLANTA PRIMEIRA					
	Superficie		Superficie		Superficie
Aula dep. Inglés	29,20 m ²	Aula Matemáticas 3	60,25 m ²	Aula dep. Galego	21,15 m ²
Aula Inglés 1	60,65 m ²	Aula Ciencias 1	60,20 m ²	Aula Lingua Galega 1	57,35 m ²
Aula Inglés 2	60,65 m ²	Aula Ciencias 2	60,20 m ²	Aula Lingua Galega 2	57,35 m ²
Aula Inglés 3	60,65 m ²	Laboratorio Ciencias	61,10 m ²	Aula Lingua Galega 3	39,80 m ²
Aula dep. Matemáticas	29,00 m ²	Aula dep. Ciencias	29,65 m ²	Aula Relixión	27,70 m ²
Aula Matemáticas 1	60,20 m ²	Aula Música	60,15 m ²	Distribuidor	336,80 m ²
Aula Matemáticas 2	60,20 m ²	Baños 1	11,70 m ²	Almacén	8,25 m ²
Aula Informática	60,20 m ²	Baños 2	11,05 m ²		
				Subtotal útil	1.323,45 m ²
				Subtotal construída	1.446,85 m ²

PLANTA SEGUNDA					
	Superficie		Superficie		Superficie
Aula Filosofía	60,65 m ²	Aula Lingua Española 3	60,20 m ²	Baños 1	11,70 m ²
Aula Xeografía 3	60,65 m ²	Aula dep. Lingua Española	29,00 m ²	Baños 2	11,05 m ²
Aula dep. Latín	18,00 m ²	Aula Xeografía 2	60,25 m ²	Sala Audiovisuais	57,35 m ²
Aula dep. Filosofía	18,00 m ²	Aula Xeografía 1	60,20 m ²	Aula dep. Francés	21,15 m ²
Aula de Mediación	18,00 m ²	Aula Ciencias 1	60,20 m ²	Aula Francés	57,35 m ²
Aula dep. Xeografía	18,00 m ²	Laboratorio Química	61,10 m ²	Aula Clásicas	39,80 m ²
Aula Lingua Española 1	60,20 m ²	Laboratorio Física	60,15 m ²	Aula Ped. Terapéutica	27,70 m ²
Aula Lingua Española 2	60,20 m ²	Aula dep. Física	29,65 m ²	Distribuidor	336,80 m ²
				Almacén	8,25 m ²
				Subtotal útil	1.305,60 m ²
				Subtotal construída	1.446,85 m ²

SUPERFICIES TOTAIS

SUPERFICIE ÚTIL TOTAL	SUPERFICIE CONSTRUÍDA TOTAL
4.029,45 m ²	4.434,90 m ²

OCUPACIÓN E SAÍDAS DE EVACUACIÓN
PLANTA BAIXA
BLOQUE 1

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Salón de actos	141,05 m ²	95	S1 – S2
Biblioteca	92,90 m ²	47	S1 – S2
Sala de profesores	46,80 m ²	10	S1 – S2
Xefatura de estudos	18,00 m ²	2	S1 – S2
Dirección	18,00 m ²	2	S1 – S2
Orientación	16,30 m ²	2	S1 – S2
Secretaría	8,40 m ²	1	S1 – S2
Conserxería	8,05 m ²	1	S1 – S2
Oficina	20,80 m ²	3	S1 – S2
Baños	28,80 m ²	-	S1 – S2
Total		163	

BLOQUE 2

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Baños	21,75 m ²	-	S1 – S2
Baños	20,05 m ²	-	S1 – S2
Cafetería	61,70 m ²	42	S1 – S2
Cociña	11,05 m ²	2	S1 – S2
Sala de caldeiras	14,25 m ²	-	-
Sala de atención a familias	20,30 m ²	14	S1 – S2
Aula de convivencia	20,65 m ²	14	S1 – S2
Espazo Multidisciplinar	77,30 m ²	4	S6 – S7
Total		76	

BLOQUE 3

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Sala de caldeiras	17,65 m ²	-	-
Aula de debuxo	57,50 m ²	12	S4
Aula de tecnoloxía	112,50 m ²	23	S4
Sala de máquinas	8,25 m ²	-	S4
Departamento de debuxo	7,65 m ²	1	S4
Total		36	

BLOQUE 4

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Ximnasio	148,05 m ²	30	S3
Vestuario 1	21,80 m ²	-	S3
Vestuario 2	22,90 m ²	-	S3
Total		30	

MEDIOS DE PROTECCIÓN

<input checked="" type="checkbox"/>	Iluminación de Emerxencia	
<input checked="" type="checkbox"/>	Sinalización	
<input checked="" type="checkbox"/>	Extintores de Incendio Manuais	
<input type="checkbox"/>	Pulsadores de Alarma	
<input type="checkbox"/>	Detector Automático de Incendios	
<input type="checkbox"/>	Bocas de Incendio Equipadas	
<input type="checkbox"/>	Sistemas Fixos de Extinción	
<input type="checkbox"/>	Avisador de Alarma	
<input checked="" type="checkbox"/>	Primeiros Auxilios (Caixa de primeiros auxilios)	
<input type="checkbox"/>	Reixas non practicables en aulas e demais locais	

PLANTA PRIMEIRA

BLOQUE 1

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Aula departamento Inglés	29,20 m ²	20	SP1 – SP2
Aula Inglés 1	60,65 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Inglés 2	60,65 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Inglés 3	60,65 m ²	41	SP1 – SP2
Aula dep. Matemáticas	29,00 m ²	20	SP1 – SP2
Aula Matemáticas 1	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Matemáticas 2	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Informática	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Total		286	

BLOQUE 2

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Aula Matemáticas 3	60,25 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Ciencias 1	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Ciencias 2	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Laboratorio Ciencias	61,10 m ²	41	SP1 – SP2
Aula departamento Ciencias	29,65 m ²	20	SP1 – SP2
Aula Música	60,15 m ²	41	SP1 – SP2
Baños 1	11,70 m ²	-	SP1 – SP2
Baños 2	11,05 m ²	-	SP1 – SP2
Total		225	

BLOQUE 3

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Aula departamento Galego	21,15 m ²	15	SP3 – SP2
Aula Lingua Galega 1	57,35 m ²	39	SP3 – SP2
Aula Lingua Galega 2	57,35 m ²	39	SP3 – SP2
Aula Lingua Galega 3	39,80 m ²	27	SP3 – SP2
Aula Relixión	27,70 m ²	19	SP3 – SP2
Total		139	

MEDIOS DE PROTECCIÓN

<input checked="" type="checkbox"/>	Iluminación de Emergencia	
<input checked="" type="checkbox"/>	Sinalización	
<input checked="" type="checkbox"/>	Extintores de Incendio Manuais	
<input type="checkbox"/>	Pulsadores de Alarma	
<input type="checkbox"/>	Detector Automático de Incendios	
<input type="checkbox"/>	Bocas de Incendio Equipadas	
<input type="checkbox"/>	Sistemas Fixos de Extinción	
<input type="checkbox"/>	Avisador de Alarma	
<input checked="" type="checkbox"/>	Primeiros Auxilios (Caixa de primeiros auxilios)	
<input type="checkbox"/>	Reixas non practicables en aulas e demais locais	

PLANTA SEGUNDA

BLOQUE 1

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Aula Filosofía	60,65 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Xeografía 3	60,65 m ²	41	SP1 – SP2
Aula departamento Latín	18,00 m ²	12	SP1 – SP2
Aula departamento Filosofía	18,00 m ²	12	SP1 – SP2
Aula Mediación	18,00 m ²	12	SP1 – SP2
Aula departamento Xeografía	18,00 m ²	12	SP1 – SP2
Aula Lingua Española 1	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Lingua Española 2	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Lingua Española 3	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula departamento Lingua Española	29,00 m ²	20	SP1 – SP2
Total		273	

BLOQUE 2

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Aula Xeografía 1	60,25 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Xeografía 2	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Aula Ciencias 1	60,20 m ²	41	SP1 – SP2
Laboratorio Química	61,10 m ²	41	SP1 – SP2
Laboratorio Física	60,15 m ²	41	SP1 – SP2
Aula departamento Física	29,65 m ²	20	SP1 – SP2
Baños 1	11,70 m ²	8	SP1 – SP2
Baños 2	11,05 m ²	8	SP1 – SP2
Total		241	

BLOQUE 3

	Superficie	Ocupación máxima	Saídas
Sala Audiovisuais	57,35 m ²	39	SP3 – SP2
Aula departamento Francés	21,15 m ²	15	SP3 – SP2
Aula Francés	57,35 m ²	39	SP3 – SP2
Aula Clásicas	39,80 m ²	27	SP3 – SP2
Aula Pedagogía Terapéutica	27,70 m ²	19	SP3 – SP2
Total		139	

MEDIOS DE PROTECCIÓN

<input checked="" type="checkbox"/>	Iluminación de Emerxencia	
<input checked="" type="checkbox"/>	Sinalización	
<input checked="" type="checkbox"/>	Extintores de Incendio Manuais	
<input type="checkbox"/>	Pulsadores de Alarma	
<input type="checkbox"/>	Detector Automático de Incendios	
<input type="checkbox"/>	Bocas de Incendio Equipadas	
<input type="checkbox"/>	Sistemas Fixos de Extinción	
<input type="checkbox"/>	Avisador de Alarma	
<input checked="" type="checkbox"/>	Primeiros Auxilios (Caixa de primeiros auxilios)	
<input type="checkbox"/>	Reixas non practicables en aulas e demais locais	

TOTAL EDIFICIO

	OCUPACIÓN MÁXIMA
PLANTA BAIXA	305
PLANTA 1	650
PLANTA 2	653
TOTAL	1.608

EQUIPAMENTO SEGURIDADE EXTERIOR

Non hai hidrantes colocados nas vías de acceso ao centro.

O parque de bombeiros máis próximo atópase a 25 km, tardando ao redor de 20 minutos.

2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS

Os usuarios habituais deste edificio son:

1. Profesorado e traballadores/as: persoas que forman parte do persoal do centro educativo.
2. Alumnado: os/as estudantes do Centro.
3. Traballadores/as vinculados/as ao Instituto: clasificamos aquí ao resto de traballadores e traballadoras que, con maior ou menor frecuencia, acoden ao Centro e que prestan os seus servizos por labores relacionadas co seu funcionamento: servizo de limpeza, labores de mantemento e reparacións (electricidade, fontanería...), seguridade, etc.
4. Visitantes: aquelas persoas que acceden esporadicamente ao Instituto.

2.4. DESCRICIÓN DA CONTORNA

2.4.1. SITUACIÓN DO CENTRO COA CONTORNA.

	SÍ	NON
O Centro atópase nun núcleo urbano?	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
É un edificio illado?	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
O uso do edificio é compartido con comercios?	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
O uso do edificio é compartido con vivendas?	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
O uso do edificio é compartido con oficinas?	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
O uso do edificio é compartido con outros?	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

2.4.2. SITUACIÓN DO CENTRO

O centro atópase situado entre a rúa do Carme e a rúa Sar, fronte ao río Sar. O seu acceso rodado prodúcese polo Oeste, pola rúa do Carme. Tamén é posible acceder a pé pola rúa Sar, polo Leste, directamente á zona das canchas deportivas.

A parcela na que se sitúa, con referencia catastral 7717201 NH2371 N0001EU, conta, ademais do propio edificio obxecto deste estudo, cun polideportivo de titularidade municipal. Ao Oeste, ademais de contar co acceso principal pola rúa do Carme, o Centro linda co CEIP Flavia. Polo Norte linda con outra parcela e un canellón que une as dúas rúas mencionadas, e polo Sur coa parcela onde se sitúa o IES Macías ou Namorado.

2.5. DESCRIPCIÓN DOS ACCESOS

Vía Principal _ Oeste

Nome Vía	r/ Carme	
É ampla para pasos vehículos emerxencia (Bombeiros, ambulancia, etc.)?	<input checked="" type="checkbox"/>	
É de dobre sentido?	<input checked="" type="checkbox"/>	
Anchura da calzada (m)	6,5	

Vía Posterior _ Leste

Nome Vía	r/ Sar	
É ampla para pasos vehículos emerxencia (Bombeiros, ambulancia, etc.)?	<input checked="" type="checkbox"/>	
É de dobre sentido?	<input type="checkbox"/>	
Anchura da calzada (m)	3	

Vía Lateral _ Norte

Nome Vía	r/ Carme a Sar	
É ampla para pasos vehículos emerxencia (Bombeiros, ambulancia, etc.)?	<input checked="" type="checkbox"/>	
É de dobre sentido?	<input type="checkbox"/>	
Anchura da calzada (m)	3	

3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS

3.1. RISCOS INTERIORES

Segundo a normativa vixente e ao ser de uso docente, o nivel de risco de accidentes neste centro é de NIVEL BAIXO en conxunto (edificios non superiores a 14 metros de altura e cunha capacidade inferior 1.000 alumnos/ as).

A orde e limpeza das instalacións, así como a eliminación de lixos, residuos e desperdicios pódese considerar aceptable.

RISCO ALTO

SALA DE CALDEIRAS

Existen dúas caldeiras no centro.

Na sala de caldeiras propiamente dita (SECTOR CATRO, Planta Baixa, Bloque 3) está aloxada unha caldeira cunha potencia de 190 kW.

A outra caldeira está situada na vivenda do conserxe (SECTOR CINCO, Planta Baixa, Bloque 2). Esta caldeira ten unha potencia de 316 kW.

Están sectorizadas.

A instalación pódese considerar aceptable.

RISCO MEDIO

COCIÑA. Está situada no SECTOR UN, Planta Baixa, Bloque 2. Está anexa á CAFETERÍA.

Conta cun forno eléctrico de 3,580 kw de potencia e un forno microondas de 1,450 kW.

Hai unha cociña con instalación de Gas Butano e contrato en vigor. Potencia 9,15 kW.

Non está sectorizada.

RISCO BAIXO

SALA DE MÁQUINAS DE ASCENSOR.

ASCENSOR.

RISCOS SANITARIOS

Os riscos asociados á saúde dos alumnos serían os seguintes:

- Intoxicacións.
- Queimaduras.
- Atragoamentos.

- Inconsciencia.
- Traumatismos.
- Convulsión.
- Ataque epiléptico.
- Electrocuci3n.
- Hemorraxias.
- Afogamentos por inmersi3n.

3.2. RISCOS EXTERIORES

O nivel de risco exterior 3 baixo e tampouco existe ningunha instalaci3n potencialmente perigosa nas proximidades. Circulan cami3ns e outros veh3culos pesados pola R3a do Carne.

3.2.1. RISCOS AXENTES EXTERNOS

- Ventos tempestuosos.
- Inundaci3ns.
- Incendios forestais.
- Tormentas el3ctricas.
- Nevadas, sarabia, etc.
- Terremotos.
- Risco de accidente qu3mico.
- Actos vand3licos, sabotaxes, etc.
- Roubos.

3.2.2. PROXIMIDADE DE INSTALACI3NS DE RISCO DE ACCIDENTE QU3MICO

		Distancia (m)
Gasolineira	<input checked="" type="checkbox"/>	2.100
Industria Qu3mica	<input checked="" type="checkbox"/>	2.000
Almac3n de produtos t3xicos	<input checked="" type="checkbox"/>	2.000
Pol3gono Industrial	<input checked="" type="checkbox"/>	2.000
Estrada principal ou autov3a por onde circulen mercador3as perigosas	<input checked="" type="checkbox"/>	1.600

4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN

4.1. INVENTARIO

MEDIOS MATERIAIS

<input checked="" type="checkbox"/>	Iluminación de Emerxencia	
<input checked="" type="checkbox"/>	Sinalización	
<input checked="" type="checkbox"/>	Extintores de Incendio Manuais	
<input type="checkbox"/>	Pulsadores de Alarma	
<input type="checkbox"/>	Detector Automático de Incendios	
<input type="checkbox"/>	Bocas de Incendio Equipadas	
<input type="checkbox"/>	Sistemas Fixos de Extinción	
<input type="checkbox"/>	Avisador de Alarma	
<input checked="" type="checkbox"/>	Primeiros Auxilios (Caixa primeiros auxilios)	
<input type="checkbox"/>	Reixas non practicables en aulas e demais locais	

O número e a posición indícanse na documentación gráfica.

MEDIOS HUMANOS

O/A Director/a do Instituto, como responsable da implantación deste Plan, deberá coñecer o seu contido e difundir ao resto do persoal, como parte activa, o plan de actuación en caso de emerxencia.

4.2. MEDIDAS EN APLICACIÓN DE DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE

No edificio non se desenvolven actividades reguladas mediante disposicións específicas en materia de seguridade. As medidas e medios dispoñibles son os sinalados no punto anterior.

5. PROGRAMA DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.

5.1. MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE RISCO

- Mantemento das caldeiras: revisións anuais.
- Mantemento da instalación de gas butano: revisión cada cinco anos.
- Mantemento dos ascensores: revisións mensuais.
- Mantemento de instalación eléctrica: revisión de instalacións de baixa tensión cada cinco anos (O.C.A).

5.2. MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN

As instalacións de protección revisaranse periodicamente de acordo coas prescricións establecidas para cada unha delas.

5.3. INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE

* As operacións de mantemento e as inspeccións de seguridade quedarán reflectidas mediante documentación escrita e incorporadas a este Plan de Autoprotección.

6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

6.1. IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN

Clasifícanse as emerxencias nos seguintes grupos:

1. En función do tipo de gravidade:
 - a. Fallo técnico.
 - b. Conato de emerxencia.
 - c. Emerxencia parcial.
 - d. Emerxencia xeral.
2. En función do risco:
 - a. Accidente con lesións.
 - b. Incendio.
 - c. Fuga de gas.
 - d. Fallo técnico.

6.2. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

Co fin de planificar a actuación do persoal ante a detección dalgunha emerxencia no centro, distribúense as accións para desenvolver da seguinte maneira:

6.2.1. PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN DE EMERXENCIA

Esta parte do Plan de Emerxencia estará colocada xunto aos teléfonos existentes no Centro, en lugar visible e a súa información estará permanentemente actualizada.

6.2.2. ORGANIGRAMA DA ACTUACIÓN. COMO AVISAR EN CASO DE EVACUACIÓN

En caso de non atopar ao RESPONSABLE DE DAR A ALARMA (a persoa directora), débese avisar a calquera membro do Equipo Directivo ou docente, nesta orde:

1. O/A Vicedirector/a
2. O/A Xefe/a de Estudos
3. O/A Secretario/a
4. O/A Profesor/a de Garda

6.2.3. MODELO DE AVISO AO 112 E BOMBEIROS

NOME E CARGO DA PERSOA QUE DÁ O AVISO	
TELÉFONO DESDE O QUE CHAMA	881 866 240
NOME DO CENTRO	IES CAMILO JOSÉ CELA
NOME DA RÚA	RÚA DO CARME 43
POBOACIÓN	PADRÓN
TIPO DE INCIDENTE	
LOCALIZACIÓN DO INCIDENTE	
GRAVIDADE DO INCIDENTE	
ESTÁ A EVACUARSE O CENTRO	
NÚMERO DE ALUMNOS E ALUMNAS	

6.2.4. AVISO E ALARMA. SISTEMA DE AVISO DO CENTRO

SISTEMA DE AVISO DO CENTRO:

TIMBRE

SINAL DE ENTRADA ÁS CLASES

Un toque de timbre cinco minutos antes da hora e outro toque na hora exacta.

SINAL DE CAMBIO DE CLASES / RECREO

Un toque de timbre.

SINAL DE ALARMA EN CASO DE EVACUACIÓN:

Daranse tres toques sucesivos de timbre de aproximadamente tres ou catro segundos cada un.

SINAL DE ALARMA EN CASO DE CONFINAMENTO

Daranse cinco toques sucesivos de timbre de aproximadamente tres ou catro segundos cada un.

6.2.5. PLAN DE EVACUACIÓN DO CENTRO

6.2.5.1. NORMAS BÁSICAS A SEGUIR EN CASO DE EMERXENCIA

En caso de emerxencia de incendio, accidente escolar, explosión, aviso de bomba ou calquera sinistro, procederase coa maior urxencia á posta en marcha do *Plan de Emerxencia e Evacuación* que se desenvolverá da seguinte forma:

Notificarase ao Xefe de Emerxencia e Evacuación, quen valorará a situación. Se esta non reviste gravidade tratarase de controlar cos medios previstos e de forma discreta.

No caso de que, pola gravidade da situación, sexa preciso desaloxar o Centro e estando en boas condicións as saídas de emerxencia previstas no Plan, o desaloxo efectuarase cumprindo as normas seguintes:

PERÍODO LECTIVO:

Se é en período lectivo e o alumnado se atopa nas súas respectivas aulas, seguirase o procedemento descrito a continuación:

- Deberase saír ordenadamente. Todos os movementos deben facerse de présa pero sen correr, sen atropelar nin empuxar os demais.
- Non se sairá por xanelas, terrazas, patios, etc.
- Non se utilizará o ascensor.
- Seguirase a dirección que se indique ou indique a sinalización, aínda que esta non sexa a habitual.
- Na porta de cada clase (cara ao interior), colocarase un cartel onde figurará o procedemento para seguir: pechado de xanelas e abandono da aula deixando todo o material na clase; ruta a seguir, etc.

- O/A profesor/a sairá diante e un/unha alumno/a que designe (pode ser o/a delegado/a) farao en último lugar para asegurarse de que non quede ninguén detrás. Unha vez comprobado este feito comunicarllo ao/á docente. O/A profesor/a sairá diante, pero sempre controlando quen queda detrás. Se o acompaña outro adulto, será este o que se asegure de que non queda ninguén.
- Avisarase o alumnado de cal é o punto de reunión (cancha deportiva ou esplanada de entrada).
- Evitarase que os evacuados se demoren recollendo obxectos persoais.
- Cada docente procederá a pechar as xanelas e responsabilizarase de controlar os movementos do alumnado ao seu cargo no momento da emerxencia, de acordo cos/coas coordinadores/as de planta.
- O/A profesor/a poñerá o seu alumnado en fila e sacarao da aula, acompañándoo ata o exterior do recinto escolar utilizando as saídas especificadas e deixando as portas pechadas sen chave.
- Non se abrirán xanelas nin portas, estas últimas salvo para saír.
- Os alumnos e as alumnas de plantas superiores baixarán as escaleiras pegados/as á parede.
- Non se poderá deter ningún alumno nin alumna nas portas de saída.
- O alumnado non poderá volver atrás en ningún caso, co pretexto de buscar irmás ou irmáns pequenas/os, amigos/as ou obxectos persoais.
- Cando saíse todo o alumnado, os/as coordinadores/as de planta e o/a xefe/a de emerxencia comprobarán que non quede ninguén nas aulas, baños, departamentos, etc.

RECREO OU ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

- Se o sinistro se producise durante o recreo, todos permanecerían nas canchas deportivas ou áreas seguras predefinidas (puntos de reunión: cancha deportiva e esplanada de entrada).
- Se existen actividades complementarias dentro do edificio, a evacuación farase polas portas principais, acompañando o alumnado os monitores ou as monitoras que nese momento estean a dar as clases.
- O **profesorado de garda de recreo** será o coordinador do Plan de Emerxencia e Evacuación neste período.
- Despois de saír pola porta principal os/as alumnos/as serán levados/as aos puntos de reunión polos/as monitores/as e profesorado de garda.

RESTABLECEMENTO DA NORMALIDADE:

- Unha vez realizadas as chamadas pertinentes (112) e evacuado o centro, a responsabilidade pasa aos servizos de emerxencia que nese instante se atoparían no exterior do centro.
- Unha vez evacuado todo o persoal, ninguén poderá abandonar o seu lugar (o alumnado por cursos en fila co seu profesor ou profesora). No caso de que se detectase a falta de alguén, serían os membros dos servizos de emerxencia os que volverían ao interior do edificio.
- Cando se extingue o incendio, ou o feito que deu lugar á alarma, avaliaranse os danos.

- Unha vez pasado o perigo (e nunca antes), darase o aviso por parte da persoa directora do Plan de volver entrar ao edificio. A entrada farase de maneira ordenada, polas portas que se empregan normalmente para entrar ás clases.
- Se persiste a incerteza, deixarase o alumnado no patio ata a hora de saída, ou ata que a familia vaia recolléndoo para levalo ás súas casas.

6.2.5.2. COMO EVACUAR O CENTRO. DESENVOLVEMENTO DA EVACUACIÓN

VER PLANOS DE EVACUACIÓN DO CENTRO.

- A orde de saída do edificio será: primeiro, os da planta baixa; a continuación, os da primeira planta; e, ao final, os da segunda planta. A evacuación das plantas altas faise simultaneamente polas tres escaleiras.
- Se as plantas inmediatamente inferiores non se evacuaron débese esperar ata que iso ocorra.
- Sairá primeiro o alumnado das aulas máis próximas ás escaleiras ou saídas, en secuencia ordenada e sen mesturarse os grupos.
- Cada profesor/a, na súa aula, organizará a estratexia do seu grupo designando os alumnos e as alumnas máis responsables para: pechar xanelas, contar o alumnado, controlar que non leven obxectos persoais e que as portas queden pechadas sen pasar a chave.
- Os alumnos e as alumnas que, ao soar o sinal de alarma, se atopen nos lavabos ou noutros locais anexos da mesma planta da súa aula, deberán incorporarse rapidamente ao seu grupo. En caso de non ser posible ou estar noutra planta, incorporaranse ao grupo máis próximo para a saída. Posteriormente, no punto de reunión, iranse co seu grupo.
- Utilizaranse simultaneamente todas as vías de evacuación dispoñibles e, no caso de que non sexa posible (se algunha estivese obstaculizada), usaríanse as outras vías de evacuación, esperando os que teñen a vía obstaculizada a que evacúen primeiro aqueles aos que lles corresponde esa saída e, a continuación, sairán na orde indicada para a súa evacuación os que tiñan a vía obstruída, quedando todos confinados no punto de reunión.
- Unha vez saia todo o alumnado, concentrarase nos puntos de reunión e, se fose necesario, sairían, unha vez no punto de concentración, á rúa, polas vías de acceso, en grupos, por clase e baixo a vixilancia do seu profesorado. No caso dos profesores/as que teñan outras obrigas dentro deste Plan, os/as profesores/as dos cursos paralelos encargaranse da vixilancia dos seus alumnos e das súas alumnas. Cada profesor/a irá diante do seu grupo á saída. E vixiará o paso rodado de vehículos, parando a circulación nese momento.

6.2.5.3. ORDE A SEGUIR NA EVACUACIÓN

- A clasificación de cada vía de evacuación farase por criterios de proximidade e do número de persoas a evacuar. A evacuación comezará pola planta baixa. Simultaneamente, os ocupantes das plantas superiores mobilizaranse en sentido das escaleiras máis próximas, de maneira ordenada e respectando a prioridade das clases anteriores e das plantas inferiores. En caso de terse inutilizado algunha saída de emerxencia, utilizaranse as que queden libres.

VER PLANOS DE EVACUACIÓN.

6.2.5.4. PUNTOS DE REUNIÓN. PUNTOS DE CONCENTRACIÓN

- Cando se produza a evacuación, todas as persoas deberán dirixirse aos puntos de concentración indicados nos planos de evacuación do centro. Nestes puntos procederase ao recuento das persoas para comprobar que non quedou ninguén no interior do edificio. Estes puntos serán a **pista deportiva** e o **patio de acceso principal ao centro**.
- No caso que haxa lume ou fume na escaleira cando se está procedendo á evacuación, primeiramente utilizaranse as outras escaleiras como alternativa e, se en todas existise lume ou fume, non sairán, CONFINARANSE nas aulas e faranse ver polas xanelas.

6.2.6. ESTRUCTURA, ORGANIZACIÓN E FUNCIÓNS DO PERSOAL ANTE EMERXENCIAS

O persoal con participación activa seguirá os protocolos de actuación establecidos no presente Plan, e será responsable de informar do mesmo ao resto do persoal do centro e eventuais visitantes.

DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E ACTUACIÓN EN EMERXENCIA

NOME E CARGO	MANUEL GONZÁLEZ ALVARELLOS (director)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO	Despacho de dirección / Aulas de Lingua Galega
TELÉFONO PARTICULAR	_____
SUBSTITUTO/A	NIEVES ACOSTA MACEIRA (vicedirectora)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO DO SUBSTITUTO/A	Despacho de vicedirección / Aulas de Lingua Castelá
TELÉFONO PARTICULAR DO SUBSTITUTO	_____

6.2.7. RESPONSABLE DE DAR A ALARMA

Esta distribución de tarefas débese revisar cada ano, en función dos cambios de profesorado.

NOME E CARGO	MANUEL GONZÁLEZ ALVARELLOS (director)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO	Despacho de dirección / Aulas de Lingua Galega
TELÉFONO PARTICULAR	_____
SUBSTITUTO/A	NIEVES ACOSTA MACEIRA (vicedirectora)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO DO SUBSTITUTO/A	Despacho de vicedirección / Aulas de Lingua Castelá
TELÉFONO PARTICULAR DO SUBSTITUTO	_____

En caso de ausencia do responsable, actívase o plan B e comunicáraselle ao equipo directivo na orde previamente establecida no apartado 6.2.2. (páx 17 deste documento).

FUNCIÓNS

EN CASO DE EVACUACIÓN

- Comunicarao ao equipo directivo.
- Tocar a alarma interna que está na secretaría.

- Chamarase inmediatamente ao 112 (Esta tarefa faraa quen estea na secretaría) e aos bombeiros.
- Tocar á o timbre externo.

EN CASO DE CONFINAMENTO

Seguir as instrucións das autoridades.

6.2.8. RESPONSABLE DE DESCONECTAR AS INSTALACIÓNS

NOME E CARGO	ANA MARÍA FERNÁNDEZ GARCÍA (conserxe)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO	Conserxería
TELÉFONO PARTICULAR	_____
SUBSTITUTO/A	M ^a CARMEN GARCÍA CASCALLAR (conserxe)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO DO SUBSTITUTO/A	Oficina
TELÉFONO PARTICULAR DO SUBSTITUTO	_____

FUNCIÓNS

EN CASO DE EVACUACIÓN

- Desconectar as instalacións xerais do edificio: gas, electricidade e, se é necesario, a auga.
- Extinguir os conatos de incendio.
- Bloquear ascensores e montacargas.

EN CASO DE CONFINAMENTO

- Pechar os sistemas de ventilación e climatización.
- Axudar, se é necesario, aos recursos externos.

6.2.9. RESPONSABLE DE ABRIR E PECHAR AS PORTAS EXTERIORES DO EDIFICIO E FUNCIÓNS

NOME E CARGO	VANESA DÍAZ AGUIAR (conserxe)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO	Conserxería
TELÉFONO PARTICULAR	_____
SUBSTITUTO/A	ELENA CASTRO BARGO (administrativa)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO DO SUBSTITUTO/A	Oficina
TELÉFONO PARTICULAR DO SUBSTITUTO	_____

FUNCIÓNS

EN CASO DE EVACUACIÓN

- Abrir as saídas e portas do edificio: a cancela do leste (canchas deportivas) e a do aparcamento.
- Axudar, se é necesario, aos recursos externos.

6.2.10. RESPONSABLE DE PERSOAS DIMINUÍDAS, NORMAS DE ACTUACIÓN E FUNCIÓNS

NOME E CARGO	CRISTINA DE VERA JUÁREZ (PROF. Plástica)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO	Aula de Artes Plásticas
TELÉFONO PARTICULAR	_____
SUBSTITUTO/A	SONIA GEY PÉREZ (xefa de estudos)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO DO SUBSTITUTO/A	Despacho de xefatura / Aulas e Laboratorios de Física e Química
TELÉFONO PARTICULAR DO SUBSTITUTO	_____

FUNCIÓNS

- Trasladar as persoas con dificultades motoras ou sensoriais.

NORMAS E FUNCIÓNS DE ACTUACIÓN

- Unha vez que se toque a alarma de evacuación, o alumnado con dificultades motoras será acompañado por un grupo de alumnos/as non inferior a 3 (tres) nin superior a 4 (catro) para o alumnado que use cadeiras de rodas, e 1 (un) para os/as que se poidan valer por si sós/soas, aínda que cun pouco de dificultade.
- O/A profesor/a que nese momento estea na aula con eles/as designará os alumnos e as alumnas que considere máis idóneos/as para poder realizar o labor de baixar ou acompañar o alumnado con dificultades motoras ata os lugares que, segundo a planta na que se atopen, deban dirixirse. Alí, o persoal do Centro asignado para este fin seguiralle dando as ordes de actuación e farase cargo deles/as.
- Os/As que acompañen este alumnado transportarano na súa cadeira de rodas, un/unha empuxando e o resto un/unha detrás do/a outro/a polo centro do corredor e con coidado que non lesionen ou golpeen coa cadeira ao resto dos/as compañeiros/as que saen das aulas. Se non leva cadeira de rodas só o acompañará un alumno ou unha alumna.
- Antes de iniciar o descenso deberán esperar a persoa designada para acompañalos/as.
- A persoa designada, se observase que o alumnado designado polo/a profesor/a non é o idóneo, indicarlle a outros/as alumnos/as que nese momento inicien a saída que colaboren en baixar ao/á alumno/a ata o *recibidor* da entrada. O alumnado que non siga colaborando incorporárase ao resto e sairán do edificio buscando nese momento o punto de reunión do seu curso.
- Na planta baixa dirixiranse para saír do edificio pola porta de saída correspondente e, posteriormente, reuniranse xunto ao seu grupo de clase no punto de concentración.

6.2.11. COORDINADOR XERAL. XEFE DE INTERVENCIÓN E EMERXENCIA

NOME E CARGO	MANUEL GONZÁLEZ ALVARELLOS (director)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO	Despacho de dirección / Aulas de Lingua Galega
TELÉFONO PARTICULAR	_____
SUBSTITUTO/A	ROSA ANA MIRÓN BLANCO (secretaria)
LOCALIZACIÓN NO CENTRO DA SUBSTITUTA	Despacho de secretaría / Aulas de Matemáticas
TELÉFONO PARTICULAR DA SUBSTITUTA	_____

FUNCIÓNS

EN XERAL

- Recibirá a información e valorará o risco.
- Alerta e coordina os equipos de intervención.
- Ordenará que se emita o sinal de alarma.
- Ordenará que se avise ao equipo de primeiros auxilios.
- Decide a evacuación.
- Alerta, recibe e informa as axudas externas (Bombeiros, sanitarios, policía, etc.) solicitando medios de intervención. Indicaralles o tempo transcorrido, situación, etc.
- Colaborará coa dirección e control da emerxencia.
- Recibirá información dos grupos de alarma, primeira intervención e evacuación.
- Ordena o fin da emerxencia.
- Redactará un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia.

EN CASO DE EVACUACIÓN

- Decidirá as medidas que se han de seguir en cada situación.
- Terá as listas actualizadas do alumnado de cada clase e recibirá a información de todas as aulas: se faltaron alumnos, se se han de desconectar as instalacións, a quen se debe chamar...
- Será informado polos/as coordinadores/as de planta de todas as incidencias.
- Recibirá e manterá a comunicación coas axudas externas e estará pendente das instrucións que as autoridades lle irán proporcionando. Será a persoa interlocutora ante os bombeiros e a policía.
- Atenderá as chamadas das familias e avisará as persoas afectadas e manteraas informadas.

EN CASO DE CONFINAMENTO

- Seguirá as mesmas instrucións que en caso de evacuación.
- Escoitará a radio para recibir a información e estará pendente do teléfono.

